

PARA OLLOS ADESTRADOS

Fontán

Autor: Marcos Calveiro
Editorial:Galaxia
Novela curta entre recreación histórica e ficción da fascinante figura de Domingo Fontán (Portas,1799-Cuntis,1966), na procura da liberdade e adiantado ó seu tempo; ilustrado, matemático, político, topógrafo.



O último día de Terranova

Autor: Manuel Rivas
Editorial:Xerais
Serie negra, humor da poética surrealista, oralidade e realismo van da man arredor da librería Terranova, refuxio de náufragos, escenario de amores e resistencia fronte a especulación e o 'Imperio do Baleiro'.



Os elefantes de Sokúrov

Autor: Antón Riveiro Coello
Editorial:Galaxia
Unha historia dun dos nosos autores favoritos na que se cruzan temas tan diversos como o amor, o suicidio, a crise económica, a creación artística, a memoria e a solidariedade.



Un animal chamado néboa

Autora: Leticia Costas
Editorial: Xerais
Libro de relatos moi duro, que vai ata os límites da resistencia física e psicolóxica. Toda a maldade que pode concibir o ser humano. Situacións límite no escenario da II Guerra Mundial



PARA ORELLAS GRANDES

Tronzar os valos

Autora: Sés
Discográfica: Fol Música
Fresca e vital, volta esta terceira entrega discográfica da xove cantautora.



Tránsitos

Autor: Abe Rábade (piano)
Pablo Martín Caminero (contrabaixo)
Bruno Pedroso (batería)
& Real Filharmonía de Galicia
(Nuba + Karonte Records, 2015)



O trio de jazz galego, liderado polo músico e compositor Abe Rábade, enfrontase aquí ao reto de fusionar o jazz e a música clásica. Gravado ao vivo no Auditorio Municipal de Ourense o 1 de maio de 2015.

Lúas de outubro e agosto


Autora:Guadi Galego
Discográfica: Fol Música
Primeiro proxecto solista de Guadi Galego, cunha música melódica máis emotiva.



PARA OLLOS NOVOS

Aventuras de Alicia no País das Marabilhas

Autor: Lewis Carroll (tradución de Xavier Queipo e ilustracións de Fausto Isorna)
Editorial: El Patito Editorial
Unha das obras máis influentes da literatura universal que festexa os 150 anos desde que saíu do prelo por vez primeira o conto, cunhas atractivas ilustracións.



PARA OLLOS E ORELLAS PEQUENAS

Canta o cuco

Dous grandes da música galega, Uxía Senlle e Magín Blanco, visitan a casa dun grande da poesía galega.



Europa Express

Autora: Andrea Maceiras
Editorial: Xerais
Unha viaxe duns amigos en Interrail ao rematar Bacharelato. A liberdade das viaxes, a identidade e a procura do amor son temas deste relato que afonda na esencia da mocidade, efémera no tempo e perdurábel na memoria.



PARA VER, ESCOITAR E SOÑAR

DVD: A esmorga

Autor: Ignacio Vilar
Via Láctea Filmes
Baseada na maxistral novela homónima de Eduardo Blanco Amor. Aconsellada para maiores de 16 anos, crónica de vinte e catro horas na vida de tres homes compañeiros de esmorga.



Diario de Ana Frank

Autora: Ana Frank
Editorial: Fatoría K
Todo un símbolo que representa o testemuno de milleiros de voces caladas durante o Holocausto. Ana confíalle ao diario os seus medos, inquedanzas, o espertar á súa propia madurez. Esta edición contén as cinco páxinas inéditas do diario que viron a luz por primeira vez hai dous anos.

